





Sen dúbida é o templo románico máis antigo do municipio, proba delo é unha inscrición de 1127, estando documentados restos prerrománicos, quizais procedentes dun antigo templo do século X. Salientan os seus fermosos canzorros con múltiples formas, destacando os antropomorfos.



Concello de Monterroso
Praza de Galicia, S/N, 27560
Monterroso, Lugo
(+34) 982 377 001
www.monterroso.es

ROMÁNICO EN MONTERROSO

San Lourenzo de Pedraza





Considerado o templo románico máis antigo do municipio, proba delo é unha inscrición de 1127, estando documentados restos prerrománicos, quizais procedentes dun antigo templo do século X, desa época prerrománica quedan vestixios como pezas reutilizadas na fábrica actual.

A planta está orientada de leste a oeste, consta dunha única nave rectangular, teito de madeira a dúas augas. A portada principal ten arco de medio punto na porta, rematada en espadana de dous corpos e un só van, e balaústre de pedra. No testeiro da capela, ábrese unha fermosa xanela baixo arco de medio punto liso con profusa decoración. A súa ornamentación está constituída por estilizadas formas vexetais e forte entallado na parte superior.

En cada un dos muros laterais do presbiterio, dispóñense catro canzorros que sosteñen o aleiro do tellado, a súa ornamentación é con motivos zoomorfos e de figuras humanas en diversas actitudes, salvo un que remata nunha grosa bola de notable efecto plástico. A súa factura é en xeral basta, pero non está exenta dunha forte expresividade e beleza. Os retablos que se conservan no interior son de estilo neoclásico.

